

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DAS EMBARCACIÓNS ADMITIDAS PARA O OUTORGAMENTO DA MODALIDADE DE NAVALLA- LONGUEIRÓN AO ABEIRO DO PLAN DE XESTIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO DENDE EMBARCACIÓN DA CONFRARÍA DA ILLA DE AROUSA

ANTECEDENTES

1. Mediante a *Orde do 22 de decembro de 2021, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o trienio 2022-2024, apróbase o plan de explotación de solénidos*, na modalidade de embarcación con técnicas de mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa, no que se establece un número máximo de 18 embarcacións e 40 tripulantes.

2. Unha vez finalizado o procedemento de renovación das embarcacións con permiso de explotación para solénidos, compróbase que o número actual de participantes no plan aprobado na confraría da Illa de Arousa é de 16 embarcacións e 32 mergulladores.

3. A Confraría de pescadores da Illa de Arousa, solicita nas datas 18 e 25 de febreiro de 2022 o inicio dun proceso selectivo para outorgamento do permisos de explotación de solénidos para 2 embarcacións con 2 cotas de mergullo cada unha.

4. Por Resolución da Xefatura Territorial de Vigo publicada o 9 de marzo de 2022 abriuse o prazo de presentación de solicitudes para o outorgamento da modalidade de solénidos a 2 embarcacións, cun máximo de 2 cotas por embarcación para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de solénidos dende embarcación da Confraría da Illa de Arousa.

5. Rematado o prazo de presentación das solicitudes constátase que se presentaron once (11) solicitudes ao proceso selectivo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 42º da *Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro*, establece que: "A explotación das distintas especies de recursos específicos realizárase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión".



2. A *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da comunidade Autónoma de Galicia* determina nos seus artigos 25 a 30 os requisitos e o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

3. A *Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro* establece o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación.

4. A Xefatura Territorial de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo establece o artigo 52 da *Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Aprobar a relación das embarcacións admitidas, coa puntuación provisional, para a obtención da modalidade de solénidos, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de pescadores da Illa de Arousa (ANEXO I).

Non existen solicitudes excluídas do proceso selectivo.

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría.

Contra o disposto nesta resolución **poderase presentar alegacións no prazo de 15 días** a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, ante a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo.

A xefa Territorial
Sonia Lorenzo Santos



ANEXO I

Proceso selectivo para a obtención da modalidade de **Navalla-Longueirón (Z3) (34C)** ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico dende embarcación, da confraría da **Illa de Arousa**.

SOLICITUDES ADMITIDAS:

(puntuadas e ordenadas alfabeticamente polo nome da embarcación)

NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	1.EXPERIENCIA PROFESIONAL ARMADOR	2.HABITUALIDA DE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	3. ANTIGÜIDADE DA EMBARCACIÓN NUN PORTO BASE INCLUÍDO NO ÁMBITO TERRITORIAL DAS ENTIDADES TITULARES DO PLAN	4.NÚMERO DE ARTES	5. FORMACIÓN	6. PERSOAS ENROLADAS DO XÉNERO FEMININO	TOTAL
ATLANTA	VILL-3 9586	0,00	2,50	3,00	2,00	1,15	0,00	8,65
CANTIÑO	VI-5 9912	0,00	2,50	3,00	2,00	3,00	0,00	10,50
CUARTA LOLA	VILL-3 8553	0,00	2,00	3,00	2,00	0,00	0,00	7,00
EIRAS	VILL-3 9753	0,00	0,50	3,00	1,00	2,47	0,00	6,97
JESICA	VILL-5 779	0,00	2,50	3,00	1,00	1,75	0,00	8,25
LISI	VI-2 2305	1,30	0,00	3,00	1,00	3,00	0,00	8,30



NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	1.EXPERIENCIA PROFESIONAL ARMADOR	2.HABITUALIDA DE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	3. ANTIGÜIDADE DA EMBARCACIÓN NUN PORTO BASE INCLÚIDO NO ÁMBITO TERRITORIAL DAS ENTIDADES TITULARES DO PLAN	4.NÚMERO DE ARTES	5. FORMACIÓN	6. PERSOAS ENROLADAS DO XÉNERO FEMININO	TOTAL
OLGA	VILL-3 9396	0,13	2,50	3,00	1,00	3,00	0,00	9,63
RAPIDA	VILL-5 741	0,00	2,50	3,00	1,00	2,32	0,00	8,82
SEGUNDO MUNDIAL	VILL-3 10235	0,00	0,50	3,00	1,00	0,15	0,00	4,65
TRES MACHICHES	VILL-3 16-96	0,00	2,50	3,00	3,00	2,80	0,00	11,30
XANEL	VILL-5 229	0,00	0,00	3,00	0,50	0,00	0,00	3,50

